



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 6 de xullo de 2017
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Pagamento indemnizacións por participación nos tribunais para a contratación de persoal**
- 3. Licenzas urbanísticas**
- 4. Concesión licenza de tenza de animal potencialmente perigoso**
- 5. Solicitud subvención programa de CIM ano 2017**
- 6. Renovación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade**
- 7. Renovación bonificación na tarxeta transporte metropolitano social da área de Santiago de Compostela**
- 8. Aprobación das axudas de custo ós concelleiros**
- 9. Aprobación de facturas**
- 10. Asignación grupos políticos correspondentes ó pago do segundo trimestre 2017**
- 11. Arquivo expediente de limpeza no lugar de Moa – Loureda**

12. Inicio execución subsidiaria para proceder coa limpeza de parcela no lugar de A Gándara – Sergude
13. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental na Travesía de Vilar - Lestedo. Inicio execución subsidiaria
14. Altas e aprobación do padrón do lixo 2017
15. Punto de urxencia
16. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de xuño do 2017.

2. Pagamento indemnizacións por participación nos tribunais para a contratación de persoal

En base as subvencións concedidas pola Deputación e pola Xunta de Galicia, o concello tivo que contratar persoal para o que foi necesario nomear os membros dos tribunais para xulgar as diferentes probas selectivas.

O Real Decreto 462/2001 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo prevé no anexo IV os seguintes importes das indemnizacións por participación en tribunais de oposición:

Categoría segunda(técnico Información Turística): presidente e secretario.....42,83 €
 Vogais.....39,78 €

Categoría terceira (socorristas): Presidente e secretario.....39,79 €
 Vogais-----36,72.

Tendo en conta :

PRIMEIRO.- Contratación de 2 prazas de socorrista (Subvencionadas pola Deputación e pola Xunta)

Por Resolución da alcaldía de data 19 de xuño de 2017, designáronse os membros do tribunal cualificador das probas para a contratación temporal de dous socorristas durante dous meses subvencionados pola deputación de a Coruña e pola Xunta de Galicia.

O número total de solicitudes presentadas ascende a dez sendo os presentados ao exame dous.

Así mesmo, resolveuse convocar ao Tribunal para a realización das probas o día 22 de xuño , ás 10.00 h. a proba escrita e ás 11.00 h. para a baremación dos méritos.

A Xunta de goberno, **acorda:**

- Aprobar as seguintes indemnizacións pola participación do Tribunal nas probas para a contratación de 4 operarios de servizos múltiples:

Presidente: Ricardo Romero Pérez ----- 39,78 €

Secretaria: Elena Suárez Rodríguez----- 39,78 €

Vogais: Rosario Iglesias Iglesias -----	36,72 €
Pilar Pazos Santasmarinas-----	36,72 €
Juan Manuel Corral Sánchez -----	36,72 €

SEGUNDO.- Contratación de 1 técnico de información turística.

Por Resolución da alcaldía de data 28 de xuño de 2017, designáronse os membros do tribunal cualificador das probas para a contratación temporal de un técnico de información turística durante 4 meses, subvencionado pola Xunta de Galicia.

O número total de solicitudes presentadas ascende a 5, sendo 3 os presentados aos exames. Así mesmo, resolveuse convocar ao Tribunal para a realización das probas o día 28 de xuño, ás 10.00 h. a proba escrita e ás 11.00 h. a baremación dos méritos.

A Xunta de goberno, **acorda:**

-Aprobar as seguintes indemnizacións pola participación do tribunal nas probas para a contratación de 3 peóns forestais encargados da motobomba:

Presidente: Ana Beatriz Díaz Míguez -----	42,83 €.
Secretaria: Elena Suárez Rodríguez-----	42,83 €.
Vogais: Rosario Canabal Vázquez-----	39,78 €.
Rosario Iglesias Iglesias-----	39,78 €.
M ^a Victoria Negrín Blanco -----	39,78 €.

3. Licenzas urbanísticas

A) Legalización de ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro. Exped. 2016 / 1557

Antecedentes:

Con N.I.G. 15078 45 3 2012 0000541, polo Xdo. Contencioso Administrativo N° 2 de Santiago de Compostela, no Procedemento Ordinario N°: 258/2012, DITOUSE o seguinte FALLO: Desestímase o recurso contencioso-administrativo N° 258/2012, interposto por D. José xxxxx, contra o Acordo da Xunta de Goberno do Concello de Boqueixón, pola demolición das obras consistentes na ampliación dunha estabulación existente, cun ancho de 5 m; e un largo de 17 m; resultando unha superficie aproximada de 85 m², deixando unha distancia de 5 m. ao lindeiro sur do predio, executada na finca 740, do polígono 503, no lugar de Santabaia, Vigo, en Boqueixón.

Posteriormente, D. José xxxxx, presenta recurso de apelación contra a citada sentenza, e o Tribunal Superior de Xustiza con data 21 de xaneiro de 2016, dita sentenza inadmitindo a apelación formulada polo representante legal do Sr. xxxxx. Contra esta sentenza non cabe interposición de recurso ordinario algún.

Con data do 19 de marzo de 2016, entrou en vigor a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, publicada no DOG Núm. 34, de data do 19 de febreiro de 2016.

Con data do 15 de xuño de 2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico, con relación á notificación do 10 de maio de 2016, con rexistro de entrada n°: 2016/871, recibida do Xulgado Contencioso Administrativo N° 2 de Santiago de Compostela, en vista da sentenza firme desestimatoria, contra o recurso do procedemento ordinario n°: 258/2012, e que literalmente na súa CONCLUSIÓN di:

*“Á vista da normativa urbanística vixente a día de hoxe, parece posible a legalización das actuacións executadas, ó abeiro da **Disposición Transitoria 4ª da LSG**, e cumprindo coas condicións da **Instrución 1/2016**. Non obstante, no proxecto que se presente, deberase xustificar de xeito detallado o cumprimento das disposicións da LSG; e sen prexuízo das condicións que podan establecer nos seus respectivos informes a Consellería de Medio Rural e o Servizo de Patrimonio Cultural, que serán de obrigado cumprimento.”*

Con data do 21 de xullo de 2016, con rexistro de entrada nº: 2016 / 1557, por D. José xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase o proxecto denominado “Legalización de ampliación en explotación de gando vacún leiteiro en Santabaia – Vigo”; e solicita a incoación de legalización das obras realizadas. Tamén se presenta o pagamento da taxa municipal polo tramitación do expediente, por importe de 132,46 €, ingresados na conta municipal con data do 21/07/2016.

Con data do 4 de outubro de 2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico, con relación ao proxecto de legalización presentado con data do 21 de xullo, e requírelle ó promotor do expediente que presente nova documentación e diversas modificacións no proxecto inicialmente presentado.

Con data do 14 de outubro de 2016, con rexistro de saída 2016/1000, de data do 20 de outubro de 2016, pola Alcaldía, comunícaselle ó promotor do expediente, o contido do informe técnico do 4 de outubro, para que no prazo de 30 días, presente a documentación ou modificacións requiridas pola arquitecta municipal.

Con data do 24 de novembro de 2016, con rexistro de entrada nº: 2016 / 2595, por D. José xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase un ANEXO I ó proxecto, coas modificacións requiridas no informe técnico do 4 de outubro de 2016.

NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE:

Constan no expediente os seguintes informes sectoriais de aplicación, en base ao disposto no informe técnico de data do 4 de outubro de 2017:

- Informe favorable da Consellería do Medio Rural, de data do 23 de maio de 2017
- Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de data do 16 de marzo de 2017
- Informe favorable do Servizo de Patrimonio Cultural, da Xefatura Territorial da Coruña, para a legalización de ampliación de explotación de gando vacún leiteiro en Santabaia – Vigo, **con condición de que os piares e paramentos verticais queden debidamente recibidos e pintados en cor branca ou area.**
- Resolución de data do 22 de maio de 2017, da Declaración de incidencia ambiental, en cumprimento dos disposto no artigo 36 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para o proxecto de legalización de ampliación de explotación de gando vacún leiteiro en Santabaia – Vigo.

Vistos as autorizacións, e ou informes sectoriais favorables, emitidos polos Organismos afectados no expediente, con data do **4 de xullo de 2017**, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o informe técnico, e que a continuación se transcribe literalmente:

“Quen asina, Dª. María Carmen Novoa Sío, arquitecta de Estudio Técnico Gallego, S.A., empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); en relación

coa solicitude de legalización da ampliación dunha explotación gandeira existente, localizada no lugar de Santa Baia, parroquia de Vigo, e presentada por **D. José xxxxx**, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1. ANTECEDENTES.

1. Con data do 21 de xullo de 2016 (RE nº16/1557), achégase a seguinte documentación:

-Proxecto de legalización de ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro, localizada no lugar de Santa Baia, parroquia de Vigo, firmado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Juan M. Hermida Rodríguez, e con visado CO-20160711, do 20.07.2016.

-Xustificante de pagamento da taxa municipal por tramitación de expedientes.

2. Con data do 4 de outubro de 2016, emítase informe técnico no que se indica que se debe completar o proxecto, así como achegar as seguintes autorizacións sectoriais:

-Informe favorable da Consellería de Medio Rural, en cumprimento do artigo 36 da LSG.

-Autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, por localizárense as actuacións executadas no contorno de protección de dous elementos incluídos no Catálogo do PXOM.

-Autorización da autoridade nacional de supervisión civil AESA, por atopárense as actuacións executadas na servidume aeronáutica do aeroporto de Lavacolla.

-Ditame de incidencia ambiental, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

3. Con data do 24 de novembro de 2016 (RE nº16/2595), remítase anexo ó proxecto, visado no 22.11.2016.

4. Con data do 27 de marzo de 2017 (RE nº2017/0568), recíbese acordo de AESA, polo que autoriza a ampliación do establo (non se da ningún tipo de condición).

5. Con data do 2 de maio de 2017 (RE nº2017/0905), recíbese informe favorable do Servizo de Patrimonio Cultural, coa seguinte condición: “de que os piares e paramentos verticais queden debidamente recibidos e pintados en cor branca ou area”.

6. Con data do 26 de maio de 2017 (RE nº2017/1082), recíbese informe favorable da Consellería de Medio Rural (non se da ningún tipo de condición).


7. Con data do 29 de maio de 2017 (RE nº2017/1094), recíbese declaración de incidencia ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. As condicións establecidas no ditame son de obrigado cumprimento.

2. NORMATIVA URBANÍSTICA.

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con **Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 32-17.02.2015, BOP 37-25.02.2015)**, ó abeiro da última redacción da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante, LOUPMRG).

A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG (en diante, RLSG).

Segundo o plano C-06 de clasificación do PXOM, o solo sobre o que se sitúan as actuacións executadas obxecto de legalización, atópase clasificado como **solo rústico**, na súa categoría de **especial protección agropecuaria**.



Detalle do plano de clasificación C-06, sinalando a localización da finca, e das actuacións executadas.

Resulta de aplicación o punto 1.d) da disposición transitoria primeira da LSG, sobre réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, que di: “ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo”. En consecuencia, será de aplicación o disposto na LSG para o **solo rústico**, na categoría de **especial protección agropecuaria**.

Por outra banda, a disposición transitoria cuarta da LSG, sobre explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes, establece que:

1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade.

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

Asemade, a disposición transitoria terceira do RLSG, sobre desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da LSG, establece:

Primeiro. *Ámbito de aplicación.*

1. O previsto na citada disposición transitoria resulta de aplicación a todas as construcións e instalacións destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros, existentes no solo rústico o 1 de xaneiro de 2003, independentemente de que contasen ou non con licenza nese momento, ou que procedesen ou non á regularización prevista na disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O sinalado neste número non exclúe a posibilidade de que, de ser o caso, poidan acollerse ao réxime establecido na disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro. Nese caso, as posibilidades de ampliación axustaranse ás condicións de edificación contidas no artigo 39.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no planeamento urbanístico correspondente.

2. No caso de que as explotacións referidas no apartado anterior estean situadas, no solo de núcleo rural, e considerando que son instalacións que gardan relación directa cos usos tradicionalmente ligados ao asentamento ou dan resposta ás necesidades da poboación residente nel (artigo 25.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro), poderán manter a súa actividade.

As ampliacións das explotacións existentes en ningún caso deberán ser consideradas como novas explotacións, polo que non resulta aplicable a prohibición de nova implantación establecida no artigo 26.1.f) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e será o concello, na súa competencia exclusiva para a formulación do planeamento, o que determine as condicións de ampliación. No caso de que o planeamento respectivo non as estableza expresamente, resultarán de aplicación as condicións recollidas no apartado segundo.

Os planeamentos municipais que incorporan na súa ordenanza de solo de núcleo rural determinacións análogas ás recollidas na disposición transitoria 11ª da Lei 9/2002, do 30 de decembro, manterán a súa plena vixencia por canto acadan a consideración de normativa municipal propia.

As determinacións correspondentes do planeamento municipal para o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural só se verán derogadas cando inclúan determinacións que constitúan actuacións incompatibles de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

3. Consideraranse amparadas no réxime excepcional establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016 a ampliación das explotacións agrogandeiras existentes en solo de núcleo rural, cando a parcela en que se encontren estea afectada por dúas clasificacións de solo e a ampliación se efectúe na parte da parcela clasificada como solo rústico.

Segundo. Obras posibles.

Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención da licenza urbanística municipal, as seguintes obras e cumprindo as seguintes condicións:

a)Obras de conservación e reforma, adoptando as medidas correctoras oportunas para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para mellorar a protección da paisaxe.

b)Obras de ampliación, ata un 50% do volume construído orixinario, tendo en conta que:

1º.O concepto de volume correspóndese coa medida espacial en tres dimensións (m^3) e está determinado polas condicións de superficie ocupada en planta polas edificacións, multiplicada pola correspondente altura.

2º.Como volume orixinario, considerarase o das construcións existentes no 1 de xaneiro de 2003. Poderán considerarse todas as edificacións integrantes da explotación, acumulando os seus volumes, sempre que se atopen na mesma parcela.

3º.Non se computarán as construcións ou instalacións baixo rasante.

4º.Se con posterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, se tivesen realizado ampliacións das edificacións orixinarias, o volume desas ampliacións debe descontarse para os efectos do cumprimento do límite do 50 % establecido para as ampliacións.

5º.Non resultan de aplicación os parámetros que se regulan no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, agás o límite da altura de planta baixa máis 1 piso, con 7 metros de altura de cornixa.

6º.As exixencias do artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, só operan para a implantación de novas explotacións.

7º. En canto á localización da ampliación, poderá ser mesmo en volume independente. En todo caso, a ampliación deberá realizarse na parcela orixinal.

c) Debe manterse a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal.

d) En todos os casos deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para mellorar a protección da paisaxe.

Terceiro. Réxime ordinario.

Sen prexuízo do disposto nos dous números anteriores, as explotacións agrogandeiras existentes o 1 de xaneiro de 2003, que se proxecten ampliar en máis dun 50 % do volumen orixinario nesa data, sempre poderán acollerse ao réxime ordinario establecido no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, tendo en conta que o disposto na letra g) do citado artigo so será aplicable ás novas explotacións gandeiras.

No ano 2003, a explotación estaba localizada en solo non urbanizable de núcleo rural, de acordo co plano de ordenación 4E das NNSS; non obstante, coa aprobación definitiva do PXOM, a finca na que se localiza a explotación e as actuacións executadas queda clasificada como solo rústico.

O punto primeiro da disposición transitoria terceira do RLSG di que se poden acoller a este réxime excepcional todas as explotacións existentes antes do ano 2003, teñan ou non licenza, e estean ou non recoñecidas mediante o procedemento de regularización da Lei 9/2002. A este respecto, indícase que a explotación non foi regularizada no ano 2003, non porque non existise, senón porque non cumpría cunha das condicións necesarias, xa que naquel momento había iniciado un expediente de reposición da legalidade; polo tanto, conclúese que a explotación existía no ano 2003, aínda que sen licenza, e sen estar regularizada. En consecuencia, considérase que cumpre cos requisitos establecidos no devandito punto primeiro para acollerse ó réxime especial da disposición transitoria cuarta da LSG.

No proxecto presentado xustifícase o cumprimento das condicións establecidas no punto segundo da disposición transitoria terceira, xa que a ampliación do establo non supera o 50% do volume orixinario, a súa altura é inferior a 7m, e está localizada na parcela orixinal.

3. CONCLUSIÓNS.

Á vista de todo o anterior, procede **informar favorablemente** a solicitude de legalización realizada; non obstante, deberá cumprirse coa condición establecida no informe do Servizo de Patrimonio Cultural, é dicir: recebar e pintar en cor branca ou area os piares e paramentos verticais. Asemade, as condicións indicadas no ditame de incidencia ambiental serán de obrigado cumprimento.

Infórmase, ós efectos oportunos.

Boqueixón, a 4 de xullo de 2017 “

Con data do 4 de xullo de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Legalizar, a “ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro”, en Santabaia - Vigo”; a nome de D. José xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de Santabaia, s/n – Vigo (15881 – Boqueixón – A Coruña); salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) **Condicións particulares:**

01. Número do expediente municipal: 2016 / 1557

02. Promotor do expediente: D. José xxxxx

03. D.N.I. do promotor: xxxxx

04. Clasificación urbanística: Solo Rústico de Protección Agropecuaria

05. Asunto: Legalización de ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro
06. Situación e emprazamento: Santabaia - Vigo
07. Referencia catastral da parcela: 15012A503007400000WE
08. Superficie de parcela mínima: 3.000 m² (segundo proxecto: 7854 m² existente)
09. Distancia a lindeiros: 5,00 m. (segundo proxecto: 7,00 m. existente)
10. Distancia ao eixe do vial: 7,00 m (segundo proxecto: 31,84 m. existentes)
11. Superficie construída a legalizar: 96 m² establo + 150 m² almacén
12. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 (abonada con data 21/07/2016)
13. Orzamento de execución material das obras a legalizar: 20851,26 €
14. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 396,17 €
15. Técnico redactor do proxecto: D. Juan M. Hermida Vázquez, colexiado nº: 876

b.-) Condicións especiais:

16. En base á autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural, os piares e paramentos verticais deberán quedar debidamente recibidos e pintados en cor branca ou area.

17. As condición indicadas no ditame de incidencia ambiental, serán de obrigado cumprimento.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 396,17 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación por importe de **396,17 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”
- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo a:

D. José xxxxx
xxxxx – Vigo
15881 – Boqueixón
A Coruña

Dona xxxxx
xxxxx – Vigo
15881 – Boqueixón
A Coruña

Cuarto:

Dar traslado deste Acordo, e do correspondente expediente administrativo de legalización, á Deputación Provincial da Coruña, para promover o correspondente incidente de inejecutividade da referida sentenza.

B) Licenza municipal de obras: Substitución da cuberta e renovación de fachadas dunha vivenda existente

Antecedentes:

Con data do 01/06/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1139, por D. José Andrés xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx – Boqueixón (15881 – Boqueixón – A Coruña), achégase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a “*substitución da cuberta e renovación de fachadas dunha vivenda existente*”, que se

pretende no lugar de xxxxx - Boqueixón, presentando un proxecto técnico básico, asinado polo arquitecto D. Carlos Landeira Caamaño, colexiado nº: 2.877.

Con data do 08/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico favorable condicional, en base á documentación técnica achegada, mediante o cal solicita mais documentación técnica a administrativa, que xustifique a legalidade urbanística vixente, para a concesión da licenza municipal de obras.

Con data do 13/06/2017, mediante oficio da Alcaldía, con rexistro de saída nº: 2017/0541, ponse en coñecemento do promotor do expediente, unha copia cotexada do informe técnico emitido, para que no prazo de 30 días proceda a emendar o proxecto achegado, no sentido no que no dito informe se indica.

Con data do 16/06/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/1254, por D. José Andrés xxxxx, achégase unha nova documentación técnica e administrativa, con relación ao informe técnico emitido con data do 08/06/2017.

Con data do 23/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, en base á nova documentación técnica achegada, e que literalmente di:

1. *O anexo do proxecto deberase achegar visado.*
2. *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
3. *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

Con data do 28/06/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/1390, por D. José Andrés xxxxx, achégase unha copia do anexo do proxecto, visado polo colexio profesional correspondente, con relación ao informe técnico favorable, emitido con data do 23/06/2017.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O proxecto técnico básico e de execución, con nº. de visado 1702838,2 (18.05.2017)*
- *O xustificante de pago das taxas municipais, do 02/06/2017, por importe de 61,62 €*
- *O anexo do proxecto básico e de execución, con nº. de visado 1702838,3 (27.06.2017)*
- *O oficio de dirección de obra*
- *O oficio de dirección de execución de obra*
- *O oficio de coordinación de seguridade e saúde*
- *O informe técnico favorable, de data do 23 de xuño de 2017*

Con data do 4 de xullo de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras”, a D. José Andrés xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx – Boqueixón (15881 – Boqueixón – A Coruña), para as seguintes actuacións:

- *“substitución da cuberta e renovación de fachadas dunha vivenda existente”*

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Número do expediente municipal: 2017 / 1139
2. Promotor do expediente: D. José Andrés xxxxx
3. D.N.I. do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística: Solo Urbano. Zona 4
5. Tipo Obras: Substitución da cuberta e renovación de fachadas dunha vivenda existente
6. Situación e emprazamento: xxxxx - Boqueixón
7. Referencia catastral: 7619601NH4471N0001LD
8. Superficie de parcela existente: 6.270 m²
9. Superficie construída total existente na parcela: 720,10 m² (permitido 5.643 m²)
10. Ocupación total existente: 290,09 m² (permitido 369,20 m²)
11. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 (abonada con data 02/16/2017)
12. Orzamento de execución material das obras previstas: 15000 €
13. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 285 €
14. Técnico redactor do proxecto: D. Carlos Landeira Caamaño, colexiado nº: 2.877
15. Dirección de obras: D. Carlos Valderrama Ferrando, colexiado nº: 2.969
16. Dirección de execución de obra: Doña Brígida García Couto, colexiado nº: 1.386
17. Coordinación de seguridade e saúde: Doña Brígida García Couto, colexiado nº: 1.386
18. Prazos de execución:
19. Para comezar as obras: 6 MESES (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
20. Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o día seguinte a notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

21. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.*
22. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.
23. No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde precisas, e solicitar ás autorizacións previas necesarias.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 285 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación por importe de **285 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo a D. José Andrés xxxxx, xxxxx, Boqueixón, 15881 A Coruña.

C) Licenza municipal de obras: Construción dunha vivenda unifamiliar illada, e peche de parcela. Expte: 2017/1005

Antecedentes:

Con data do 15/05/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1005, por D. Álvaro xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e Dona Leticia xxxxx, con DNI nº: xxxxx; con domicilio no lugar de xxxxx – Sergude (15881 – Boqueixón – A Coruña), achégase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a “*construción dunha vivenda unifamiliar illada; e peche de parcela*” (segundo o proxecto técnico achegado), que se pretende edificar na parcela catastral de Sergude nº: 15012C505002660000DO, presentando un proxecto técnico básico, asinado polo arquitecto D. Carlos Valderrama Ferrando, Colexiado nº: 2.969.

Con data do 23/05/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1039, por D. Jesús xxxxx, con DNI nº: xxxxx, como propietario da finca nº: 266 da zona de concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude, identificada coa referencia catastral nº: 15012C505002660000DO, presenta a seguinte documentación, para incorporar ao expediente nº: 2017 / 1005:

- Nota simple informativa da propiedade de D. Jesús xxxxx, que emite o Rexistro da Propiedade Nº 1 de Santiago de Compostela, con data do 17/02/2017.
- Autorización de D. Jesús xxxxx, para que por D. Álvaro xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e Dona Leticia R. xxxxx, con DNI nº: xxxxx, poidan edificar a vivenda prevista no expediente 2017 / 1005, na parcela nº: 266 da súa propiedade.
- Cesión municipal, para o cumprimento do artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Con data do 22/06/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1347, por D. Álvaro xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e dona Leticia R. xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase unha documentación adicional, que inclúe:

- Xustificación da normativa urbanística
- ANEXO 2 e ANEXO 3 Memoria
- Planos R1.2 e R3.4

Con data do 26/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, en base á toda a documentación técnica e administrativa achegada, e que literalmente di:

1. *Con data do 22 de xuño de 2017 (RE nº2017/1347), preséntase documentación complementaria.*
2. *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
3. *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*
4. *Antes do inicio das obras, deberase achegar a seguinte documentación:*
 - *Proxecto de execución visado*
 - *Certificación e etiqueta de eficiencia enerxética, rexistrada no INEGA.*

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O proxecto técnico básico, e anexo modificado (maio 2017)*
- *O xustificante de pago das taxas municipais, do 17/05/2017, por importe de 61,62 €*
- *Copia do DNI dos solicitantes*

- *Copia do DNI da propiedade da parcela*
- *Cesión Municipal realizada pola propiedade da parcela*
- *Autorización ós promotores, da propiedade da parcela, para edificar nesta*
- *Consulta descritiva e gráfica catastral da parcela*
- *Copia simple do Rexistro da Propiedade da finca nº: 266*
- *O oficio de dirección de obra*
- *O oficio de dirección de execución de obra*
- *O oficio de coordinación de seguridade e saúde*
- *O informe técnico favorable, de data do 26 de xuño de 2017*

Con data do 4 de xullo de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras”, a D. Álvaro xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e Dona Leticia R. xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx– Sergude (15881 – Boqueixón – A Coruña), para as seguintes actuacións:

- ***Construción dunha vivenda unifamiliar illada, e peche de parcela***

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

- Número do expediente municipal: 2017 / 1005
- Promotor do expediente: D. Álvaro xxxxx - Dona Leticia R. xxxxx
- D.N.I. dos promotores: xxxxx - xxxxx
- Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
- Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada, e peche de parcela
- Situación e emprazamento: A Igrexa; en realidade Lamas - Sergude
- Referencia catastral da parcela: 15012C505002660000DO
- Superficie construída:
- Vivenda: 154,34 m² (a edificar)
- Garaxe: 75,60 m² (existente)
- Total superficie construída na parcela: 229,94 m²
- Edificabilidade total: 0,15 m² / m² no proxecto (permitido 0,25 m² / m²)
- Ocupación: 17,53 % no proxecto (permitido 25 %)
- Peche de parcela:
- Altura peche opaco: 1,00 / 1,20 m. no proxecto (máxima permitida 1,20 m. / 2,00 m.)
- Altura peche diáfano: 1,00 / 0,80 m. no proxecto (máxima permitida 2,50 m.)
- Altura total peche: 2,00 m. no proxecto (máxima permitida 2,50 m.)
- Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 (abonada con data 17/05/2017)
- Orzamento de execución material das obras previstas: 154000,68
- Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 2926,01 €
- Técnico redactor do proxecto: D. Carlos Valderrama Ferrando, colexiado nº: 2.969
- Dirección de obras: D. Carlos Valderrama Ferrando, colexiado nº: 2.969
- Dirección de execución de obra: D. Juan C. Lortes Gómez, colexiado nº: 2179
- Coordinación de seguridade e saúde: D. Juan C. Lortes Gómez, colexiado nº: 2179

- Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
- (Poderanse conceder prórroga dos anteriores prazos, segundo o estipulado no artigo 359, do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, debendo ser solicitados a instancia, con anterioridade o vencemento destes.)*

b.-) Condicións especiais:

- Para poder iniciar as obras, deberase achegar proxecto de execución visado, así como certificación e etiqueta de eficiencia enerxética do proxecto, rexistrados no INEGA
- Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.*
- No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.
- No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.
- As obras serán executadas, conforme a documentación técnica presentada.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 2926,01 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación por importe de 2926,01 €, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo a:

D. Álvaro xxxxx
 Dona Leticia R. xxxxx
 Lamas, xxxxx – Sergude
 15881 – Boqueixón - A Coruña

D) Licenza municipal de obras. Vivenda unifamiliar illada, e peche de parcela

Antecedentes:

Con data do 17/02/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 0290, por D. Daniel xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e Dona Marina xxxxx, con DNI nº: xxxxx; con domicilio na xxxxx – Milladoiro (15895 – Ames – A Coruña), achégase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a “*construción dunha vivenda unifamiliar illada; e peche de parcela*”, que se pretende edificar na parcela catastral nº: 15012A506020100000WW, sita no lugar de Rubial, parroquia de Sta. María de Lestedo, presentando un proxecto técnico básico e de execución, asinado polos arquitectos, Dona Elena Sarmiento Díez, colexiada nº: 3.934; e D. Adrián Martín Prieto, colexiado nº: 3.677. O proxecto está visado con nº: 1600911,1, de data do 22/02/2016.

Con data do 06/04/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico**, en base á toda a documentación técnica e administrativa achegada, mediante o cal conclúe que para continuar coa tramitación do expediente, deberán emendar o proxecto do xeito indicado neste, e achegar a documentación sinalada no mesmo.

Con data do 06/04/2017, con rexistro de saída nº: 2017 / 0308, de data do 07/04/2017, pola Alcaldía, dáse traslado dunha copia orixinal do informe técnico emitido, para que no prazo de 30 días, se proceda a emendar a documentación achegada, conforme no dito informe técnico se indica.

Con data do 02/06/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1147, por D. Daniel xxxxx, achégase unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 06/04/2017.

Con data do 30/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo **informe técnico favorable**, en base á nova documentación técnica e administrativa achegada, e que literalmente di:

01. *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
02. *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*
03. *Sen prexuízo de terceiros*

NOTA: No proxecto indícase como existente un muro medianeiro coa finca lindeira polo sur. Isto supón unha carga que deberá quedar reflectida nos asentos respectivos de ambas fincas no Rexistro da Propiedade.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O proxecto técnico básico e de execución inicial, con nº: de visado 1600911,1, con data do 22.02.2016; e o proxecto básico e de execución de subsanacións, con nº: de visado 1600911,3; con data do 30.05.2017)*
- *O xustificante de pago das taxas municipais, do 20/02/2017, por importe de 240,30 €*
- *Copia do DNI do solicitante, D. Daniel xxxxx*
- *Copia da escritura de compravenda da parcela*
- *Consulta descritiva e gráfica da parcela*
- *Presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, da inscrición do certificado e etiqueta de eficiencia enerxética*
- *O oficio de dirección de obra*
- *O oficio de dirección de execución de obra*
- *O oficio de coordinación de seguridade e saúde*
- *O Impreso de Estatística de Edificación e Vivenda*
- *O informe técnico favorable, de data do 30 de xuño de 2017*

Con data do 4 de xullo de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras”, a D. Daniel xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e Dona Marina xxxxx, con DNI nº xxxxx, con domicilio na xxxxx – Milladoiro (15895 – Ames – A Coruña), para as seguintes actuacións:

- **Construción dunha vivenda unifamiliar illada, e peche de parcela**

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

- Número do expediente municipal: 2017 / 0290
 - Promotores do expediente: D. Daniel xxxxx - Dona Marina xxxxx
 - D.N.I. dos promotores: xxxxx
 - Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
 - Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada, e peche de parcela
 - Situación e emprazamento: Rubial – Lestedo (Ref. catastral 15012A506020100000WW)
 - Superficie parcela: 751,01 m² (mínima permitida 500 m²)
 - Superficie Construída: 187,73 m² (máxima permitida 187,75 m²)
 - Ocupación: 25 % (permitido 25 %)
 - Peche de parcela:
 - Altura peche opaco a fronte de vial: 0,80 m. no proxecto (máxima permitida 1,20 m.)
 - Altura peche diáfano a fronte de vial: 1,20 m. no proxecto (máxima permitida 2,50 m.)
 - Altura total peche a fronte de vial: 2,00 m. no proxecto (máxima permitida 2,50 m.)
 - Altura peche diáfano a lindeiros: 1,80 m. no proxecto (máxima permitida 2,50 m.)
 - Taxa municipal pola tramitación do expediente: 240,30 (abonada con data 20/02/2017)
 - Orzamento de execución material das obras previstas: 91649,70
 - Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 1741,34 €
 - Técnicos redactores do proxecto: Dona Elena Sarmiento Díez, colexiada nº: 3.934
 - D. Adrián Martín Prieto, colexiado nº: 3.677
 - Dirección de obras: Os técnicos redactores do proxecto
 - Dirección de execución de obra: D. Diego Medín Babío, colexiado nº: 2947
 - Coordinación de seguridade e saúde: D. Diego Medín Babío, colexiado nº: 2947
 - Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
- (Poderanse conceder prórroga dos anteriores prazos, segundo o estipulado no artigo 359, do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, debendo ser solicitados a instancia, con anterioridade o vencemento destes.)*

b.-) Condicións especiais:

- Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.*
- No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.

- No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.
- As obras serán executadas, conforme a documentación técnica presentada.
- No proxecto indícase como existente un muro medianeiro coa finca lindeira polo sur. Isto supón unha carga que deberá quedar reflectida nos asentos respectivos de ambas fincas no Rexistro da Propiedade.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 1741,34 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación por importe de 1741,34 €, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo a:

D. Daniel xxxxx
Dona Marina xxxxx
xxxxx – Milladoiro
15895 – Ames – A Coruña

E) Licenza municipal de parcelación dunha finca en 3 lotes + 1 lote para cesión municipal.
Expte: 2017/0866

Antecedentes:

Con data do 27/04/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 0866, por dona M^a de los Ángeles xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e con domicilio, a efectos de notificacións, na Inmobiliaria M&M, sita no Lg. de Vilar, xxxxx – Lestedo (15881 – Boqueixón – A Coruña), achégase un proxecto técnico de segregación (parcelación), da finca catastral nº: 15012B516002510000LZ (parcela número 251, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo (Boqueixón – A Coruña); finca rexistral número 19731 de Boqueixón). O proxecto técnico esta asinado polo arquitecto, D. Jesús Estevez Loureiro, Colexiado número 3.204.

A finca obxecto deste expediente, está clasificada urbanísticamente como Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común; segundo o PXOM actualmente vixente.

Con data do 11/05/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico favorable condicional**, no que se fai constar a promotora, que debe presentar nova documentación administrativa e técnica, xustificativa da legalidade urbanística vixente. O contido deste informe técnico, e posto en coñecemento da promotora da licenza, con data do 18 de maio de 2017, con rexistro de saída número 2017/0483, de data do 23 de maio de 2017.

Con data do 15/06/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1264, de data do 16/06/2017, por Dona M^a de los Ángeles xxxxx, preséntase nova documentación técnica e administrativa, en base ao informe técnico de data do 11/05/2017.

Con data do 30/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

1.- No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

2.- Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.

3.- Sen prexuízo de terceiros

Con data do 4 de xullo de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a dona María de los Ángeles xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx, a licenza municipal, para a “parcelación da finca catastral nº: 15012B516002510000LZ (parcela nº: 251, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo (Boqueixón–A Coruña); finca rexistral nº: 19731 de Boqueixón) emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural (Ordenanza de Núcleo Común), en base á nova documentación técnica e administrativa, presentada con data do 15/06/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1264, de data do 16/06/2017, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. de expediente: 2017 / 0866
02. Promotora da licenza: *Dona María de los Ángeles xxxxxx*
03. D.N.I. da promotora: xxxxxx
04. Clasificación urbanística: *Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común*
05. Tipo de licenza: *Parcelación dunha finca en 3 lotes + 1 lote para cesión municipal*
06. Referencia catastral da finca: *15012B516002510000LZ (Finca rexistral nº: 19731)*
07. Situación e emprazamento: *Milleirós – Lestedo – Boqueixón*
08. Técnico autor do proxecto: *D. Jesús Estevez Loureiro (arquitecto.), colexiado nº 3.204*

1. Parcela inicial:

1.1. – Finca nº: 251, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo, no lugar de Milleirós (Boqueixón - A Coruña): rústica, terreo dedicado a prado e monte, ao sitio de “TRAS DA TORRE”, cunha extensión superficial de corenta áreas e cincuenta e cinco centiáreas (**4055 m²**); e que linda: norte, Lino xxxxxx (252) e construción; Sur, María xxxxxx e outros (250); Leste, Camilo xxxxxx (247), e Lino xxxxxx (252); e Oeste, Lino xxxxxx (252), construción, e camiño.

Referencia catastral: 15012B516002510000LZ

Inscrición.: Tomo 1397 – Libro 99 – Folio 12 – Finca 19731

2. Parcelación – lotes resultantes:

2.1 – LOTE 1: Clasif. urbanística: Solo de Núcleo Rural (Ordenanza de Núcleo Común).

Superficie total:	1337 m ²
Superficie de cesión:	54 m ²
Superficie NETA	1283 m²

Lindes:

Norte:	Lino xxxxxx (252) e construción
--------	---------------------------------

Sur:	Lote 2, que logo se dirá
Leste:	Camilo xxxxx (247), e Lino xxxxx (252)
Oeste:	Lino xxxxx (252), construción, e lote 4 (cesión), que logo se dirá

2.2 – LOTE 2: Clasif. urbanística: Solo de Núcleo Rural (Ordenanza de Núcleo Común).

Superficie total:	1370 m ²
Superficie de cesión:	46 m ²
Superficie NETA	1324 m²

Lindes:

Norte:	Lote 1, descrito anteriormente
Sur:	Lote 3, que logo se dirá
Leste:	Camilo xxxxx (247)
Oeste:	Lote 4 (cesión), que logo se dirá

2.3 – LOTE 3: Clasif. urbanística: Solo de Núcleo Rural (Ordenanza de Núcleo Común).

Superficie total:	1348 m ²
Superficie de cesión:	44 m ²
Superficie NETA	1304 m²

Lindes:

Norte:	Lote 2, descrito anteriormente
Sur:	María xxxxx e Outros (250)
Leste:	Camilo xxxxx (247)
Oeste:	Lote 4 (cesión), que logo se dirá

2.4 – LOTE 4: Cesión Municipal, para o cumprimento do artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia - fronte a camiño público existente.

Superficie TOTAL:	144 m²
--------------------------	--------------------------

Lindes:

Norte:	Lino xxxxx (252) e construción
Sur:	María Ferreiro xxxxx (250)
Leste:	Lotes 1, 2 e 3, descritos anteriormente
Oeste:	Camiño público

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido nos artigos 24.2 e 150.5, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 368.5, do Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia; as cesións municipais, correspondentes ó Lote 1 (**54 m²**); Lote 2 (**46 m²**); e Lote 3 (**44 m²**); para un total de **144 m²** (Lote 4); e destinalas á ampliación do camiño público ao que dan fronte.

Deberá presentar, **a nome do Concello de Boqueixón**, a escritura pública de cesión.

Terceiro:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (Taxa), por importe de 184,86 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación da TAXA:

A liquidación da Taxa por importe de **184,86 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Cuarto:

Notificar este acordo á interesada, no seguinte domicilio, a efectos de notificacións:

Inmobiliaria M&M
A/a María de los Ángeles xxxxx
Vilar, xxxxx – Lestedo
15881 – Boqueixón – A Coruña

4. Concesión licenza de tenza de animal potencialmente perigoso

O 29 de xuño de 2017 co número de entrada 17/1396 don Adrián xxxxx solicita licenza administrativa para a tenza dun animal potencialmente perigoso, en concreto para a tenza dun american stanfford, con data de nacemento 16-12-2014, femia, cor gris/blanca, sen signos particulares, código de identificación 941000019822943 no lado esquerdo do pescozo e con destino, animal de compañía.

Acompáñase a seguinte documentación:

- Copia compulsada de certificado psicotécnico efectuado a don Adrián xxxxx, de data 30 de maio do 2017, que o capacita como apto para obter a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos.
- Copia do DNI de don Adrián xxxxx
- Información do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de Copia do DNI de don Adrián xxxxx os efectos da tenza de animais potencialmente perigosos (orixinal).
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinalando que don Adrián xxxxx, co DNI xxxxx non foi sancionado por infraccións graves ou moi graves, de acordo co sinalado no apdo 3 artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos.
- Copia do seguro do fogar, coas condicións xerais e particulares, nº de póliza 8171700044043, de Reale Seguros, a nome de don Adrián xxxxx, no cal se sinala cobertura en relación co can “Lula”, american stanfford, con data de nacemento 16-12-2014, código de identificación 941000019822943.
- Copia da cartilla sanitaria do citado can.
- Xustificante do ingreso da taxa, por importe de 30,00 euros, en concepto de “taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza por tenza de animais perigosos.

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1. Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a don Adrián xxxxx, como propietario do animal que se identifica como especie e raza canina

american stanfford, con data de nacemento 16-12-2014, femia, cor gris/blanca, sen signos particulares, código de identificación 941000019822943 no lado esquerdo do pescozo e con destino: animal de compañía.

2. A presente licenza terá unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada á finalización do citado prazo.

3. Notificar este acordo ó interesado.

5. Solicitude subvención programa de CIM ano 2017

O 23 de xuño do 2017 sae publicado no DOG número 119 a Resolución do 16 de xuño do 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Esta resolución de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento aprobado por RD 887/2007, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar no ano 2017 das subvencións ás entidades locais de Galicia, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, para o desenvolvemento de programas, actividades e actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica e social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou en situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

No artigo 1.1) establécese que as actuacións sinaladas poderanse desenvolver a través dos seguintes programas:

a) Programa de conciliación

b) Programa de prevención da violencia de xénero

c) Programa de apoio os CIM (centros de información á muller)

O artigo 4.3 establece que para poder ser beneficiaria da subvención do CIM a entidade local ten que ser titular dun centro de información ás mulleres acreditado segundo o establecido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento. Poderase presentar solicitude individual ou conxunta para a xestión

compartida da prestación deste servizo, mediante agrupación ou asociación das entidades titulares de CIM ou con outros concellos que non o teñan acreditado.

O artigo 8.3 sinala que para o caso de que a poboación do ámbito territorial de actuación do CIM sexa de 5.001 e ata 15.000 habitantes, o número de usuarias con atención individualizada terá que ser como mínimo de 40 mulleres, das cales cando menos seis deberán ter unha atención continuada e de seguimento cun mínimo de tres intervencións. O concello de Boqueixón e Touro suman un total de 7.994 habitantes.

Serán gastos subvencionables os custos directos de persoal que desenvolva funcións no CIM: gastos directos do persoal, neste caso os postos de directora / asesora xurídica e psicóloga (serán subvencionables as retribucións salariais totais do persoal propio da entidade correspondentes o servizo do CIM subvencionado, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á seguridade social a cargo da entidade empregadora. (Artigo 9.1a).

Serán subvencionables os custos de persoal xerados entre o 1 de abril de 2017 ata o 31 de marzo de 2018.

As entidades beneficiarias deberán identificar e xustificar de maneira independente os gastos directos de persoal, segundo as horas efectivamente traballadas dedicadas a tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, que se imputarán en cada exercicio. Os gastos de persoal correspondentes o período 1-04-2017 e o 30-11-2017, imputaranse o exercicio 2017 e os gastos correspondentes ó período 1-12-2017 e 31-03-2018, ao exercicio 2018.

Para a determinación do importe da subvención establécense custos unitarios por hora efectivamente traballada 19,59 €, ata un máximo de 1.720 horas , correspondente a unha dedicación dun ou dunha profesional a tempo completo durante un período de doce meses , de acordo co previsto no artigo 68.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello , do 17 de decembro de 2013.

A contía máxima da axuda será de ata 30.000 euros cando a dedicación ao CIM sexa a tempo completo e cando sexa a tempo parcial, salvo dirección do CIM que sempre será a tempo completo, a contía máxima será de 18. 000 euros.

Cando se teña que recorrer á contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou atención psicolóxica establecidos no Decreto 130/2016, aplicarase o custo hora correspondente e a contía máxima da axuda será de 14.000 euros.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar axuda económica respecto do programa de apoio ao CIM de Boqueixón, para gastos de persoal segundo o custo unitario por horas traballadas, sendo a contía solicitada para o posto de directora/asesora xurídica e atención psicolóxica para o período 01-04-2017 a 30-11-2017 de 18.666,66 € e para o período 01-12-2017 a 31-03-2018 de 9.333,34 € .

Total da axuda solicitada **28.000 euros.**

Os gastos de persoal segundo o custo unitario/horas traballadas para o posto de directora/asesora xurídica e atención psicolóxica para o período 01-04-2017 a 30-11-2017

ascende a 19.903,44 euros e para o período 01-12-2017 a 31-03-2018 ascende a 9.971,31 euros.

2. Designar como representante ante á Secretaría Xeral de Igualdade, dos concellos asociados, ó Alcalde de Boqueixón, don Manuel Fernández Munín.

3. Designar a dona Cristina Carbajales Nouriño, que ocupa o cargo de directora – asesora xurídica do CIM para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade.

4. Financiar o custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade para a súa completa realización.

5. Aprobar a seguinte memoria descritiva do funcionamento do CIM , medios persoais adscritos ó CIM e horarios de prestación do servizo:

Medios persoais adscritos ó CIM , número de horas e horario semanal da prestación do servizo:

Denominación posto	Nome e apelidos	Tipo vinculación	Funcións básicas
Directora/Avogada	Cristina Carbajales Nouriño	Laboral-temporal	Dirección do CIM Asesoramento xurídico e Coordinación activ. do CIM
Psicóloga	Yolanda Neira Cristobo	Laboral-temporal	Atención psicolóxica

Número de horas e horario semanal da prestación do servizo:

Prestación do servizo	Nº horas semanais		Horario semanal
	Horas	Minutos	
Asesoramento xurídico Dirección do CIM	30		Luns a venres, de 9.00 a 15.00 horas Dirección do CIM.
Atención psicolóxica	18		Luns, mércores e xoves de 9.00 a 15.00 horas

Descrición de funcionamento do CIM

Funciona en horario de mañán, anteriormente descrito de acordo cos criterios de atención persoal, servizo gratuíto, de carácter voluntario e confidencial.
Proporcionase asesoramento xurídico, atención psicolóxica e información xeral de recursos dispoñibles, difusión e sensibilización en materia de fomento da igualdade.
Flexibilidade horaria en función das necesidades das usuarias.
Actuacións específicas en materia de violencia de xénero, acompañamento á vítimas, coordinación con casas de acollida...; realización de obradoiros e talleres sobre aspectos que fomenten e potencien a igualdade, a prevención da violencia.
Derivar ó servizo de orientación laboral do concello ás usuarias en situación de vulnerabilidade, de cara á orientación laboral, cursos de formación, inserción laboral

6. Número de usuarias en situación de vulnerabilidade

	Nº de mulleres atendidas no período subvencionable (do 01/04/2017 ata o 31/03/2018)
--	--

Número usuarias con atención individualizada	40
Número de usuarias con atención continuada	6

7. O Concello de Boqueixón conta entre os seus departamentos de goberno cunha Concellería de Igualdade e Servizos Sociais.

8. O Concello de Boqueixón e o Concello de Touro asumiron os compromisos de poñer en marcha no Concello de Touro a prestación dun servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade, no cal se ofertan as funcións do CIM en canto a asesoramento e información de recursos ás mulleres de Touro co fin de que poidan acceder ós recursos dispoñibles dun xeito rápido e eficaz e garantindo o dereito das mulleres o acceso á información xeral e especializada, dun xeito integral.

9. O Concello de Boqueixón (representante) percibe e xustifica todos os fondos que se concedan, previa solicitude á Secretaría Xeral de Igualdade.

10. Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Igualdade .

6. Renovación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade

A xunta de goberno acorda a renovación dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

7. Renovación bonificación na tarxeta transporte metropolitano social da área de Santiago de Compostela

A xunta de goberno acorda unha renovación bonificación na tarxeta transporte metropolitano social da área de Santiago de Compostela

8. Aprobación das axudas de custo ós concelleiros

Coa finalidade de aboar as axudas de custo dos membros da corporación pola asistencia ós distintos órganos colexiados, entre as datas 01/01/2017 – 30/06/2017, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar os importes desagregados dos distintos órganos que conforman a corporación, segundo as asistencias de cada un dos concelleiros:

PLENOS	11/01/2017	14/02/2017	08/03/2017	10/05/2017	TOTAL
D. MANUEL FERNÁNDEZ	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. M ^a CARMEN BOTANA	120 €	120 €	120 €	120 €	480 €
D. ANTONIO GONZÁLEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	480 €
D. ANA MARIA SEIJO	120 €	120 €	120 €	120 €	480 €
D. JESÚS SANJUÁS MERA	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. JESÚS J. SANTASMARINAS	0 €	120 €	120 €	120 €	360 €
D. ALEJANDRO BERMÚDEZ	120 €	120 €	0 €	120 €	360 €

D. XABIER CANABAL	120 €	120 €	120 €	120 €	480 €
D. Mª CARMEN SOUTULLO	120 €	120 €	120 €	120 €	480 €
D. PERFECTO BARCALA	120 €	120 €	120 €	120 €	480 €
Dª ANA I. ALONSO TABOADA	120 €	120 €	120 €	120 €	480 €

XUNTAS DE GOBERNO	19/01/2017	02/02/2017	16/02/2017	02/03/2017	16/03/2017	06/04/2017	20/04/2017	04/05/2017	18/05/2017
D. MANUEL FERNÁNDEZ	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
Dª Mª CARMEN BOTANA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. ANTONIO GONZÁLEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
XUNTAS DE GOBERNO	01/06/2017	22/06/2017	TOTAL						
D. MANUEL FERNÁNDEZ	0 €	0 €	0 €						
Dª Mª CARMEN BOTANA	120 €	120 €	1.320 €						
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €						
D. ANTONIO GONZÁLEZ	120 €	120 €	1.320 €						

COMISIÓN DE CONTAS	06/02/2017	13/06/2017	TOTAL
D. MANUEL FERNÁNDEZ	0 €	0 €	0 €
D. JESÚS J. SANTASMARINAS	120 €	120 €	240 €
D. ALEJANDRO BERMÚDEZ	120 €	120 €	240 €
Dª ANA I. ALONSO TABOADA	120 €	120 €	240 €
D. XABIER CANABAL	120 €	120 €	240 €
D. PERFECTO BARCALA	120 €	120 €	240 €

MESAS DE CONTRATACIÓN	27/04/2017	31/05/2017	08/06/2017	TOTAL
D. MANUEL FERNÁNDEZ	0 €	0 €	0 €	0 €
D. ANA MARIA SEIJO	120 €	0 €	120 €	240 €
D. JESÚS J. SANTASMARINAS	120 €	120 €	120 €	360 €
D. ALEJANDRO BERMÚDEZ	120 €	120 €	120 €	360 €
Dª ANA I. ALONSO TABOADA	120 €	120 €	120 €	360 €
D. Mª CARMEN SOUTULLO	120 €	120 €	120 €	360 €

	TOTAL BRUTO	IRPF 15 %	TOTAL LÍQUIDO
D. MANUEL FERNÁNDEZ	0 €	- €	0 €
D. Mª CARMEN BOTANA	1.800 €	270 €	1.530 €
D. ANTONIO GONZÁLEZ	1.800 €	270 €	1.530 €
D. ANA MARIA SEIJO	720 €	108 €	612 €
D. JESÚS SANJUÁS MERA	0 €	- €	0 €
D. JESÚS J. SANTASMARINAS	960 €	144 €	816 €
D. ALEJANDRO BERMÚDEZ	960 €	144 €	816 €
D. XABIER CANABAL	720 €	108 €	612 €
D. Mª CARMEN SOUTULLO	840 €	126 €	714 €
D. PERFECTO BARCALA	720 €	108 €	612 €
Dª ANA I. ALONSO TABOADA	1.080 €	162 €	918 €
TOTAIS	9.600,00 €	1.440,00 €	8.160,00 €

2 Comunicar á tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 912.233.00 do orzamento do ano 2017

9. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ó exercicio orzamentario do ano 2017 por un total de 18.412,06 euros:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Fegamp – Cota de asociado ano 2017	920.22799	180,53
2	Liquidación de gastos de Arlette Aimée – desprazamentos curso de inglés	334.22300	136,80
3	Cogami – Recollida de residuos mes de maio	162.3.21200	395,21
4	Autocares Rias Baixas, SL – Desprazamento do día 27 de maio con ocasión da andaina das letras	924.22699	100,00
5	Viajes Peillet, SL – Autobús alumnos CRA Boqueixón a Museo Etnográfico Lalín – data 6/06/2017	924.22699	330,00
6	Liquidación de gastos de María Victoria Negrín Blanco – compra de camisetas para socorrista	341.22609	11,97
7	Gasóleos S. Benito, SL – Gasóleo e gasolinas para maquinaria municipal	920.22103	577,46
8	Aluminios Vedra – Fabricación e subministro perfiles de aluminio para marquesiña Loureda	151.21200	114,95
9	José M. Silva Fernández – Servizo de taxi para recollida de alimentos o día 29 de xuño	231.48000	39,60
10	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación e outros para a Escola Infantil Municipal – mes de maio	231.22105	316,73
11	Autocares Rias Baixas, SL – Servizo autobús actividade convivencia ximnasia mantemento maiores – data 31 de maio	341.22300	385,00
12	Foga – Grampas para impresora	920.21300	87,12
13	Ramón Nimo Del Oro – Colaboración reforzo educativo convenio Ruth Gómez dos meses de febreiro a xuño	231.22799	1.205,20
14	Area Informática – Material de oficina para servizos municipais	920.22000	97,40
15	Autocares Rias Baixas – Servizo autobuses Festa Terceira Idade	924.22699	200,00
16	Mercería AnaB – Accesorios cerimonia lume sagrado	334.22699	9,60
17	Confecciones Maime, SL – Confección vestidos, casacas e capas para a cerimonia do lume sagrado	334.22699	850,99
18	Zorelor, SA – Insecticida para avespas + limpador para vías municipais	414.22199 153.2.22199	396,77
19	Sonia Alfonsin Figueroa – Actuación musical cerimonia lume sagrado no Pico Sacro	334.22699	85,61
20	Músics de girona sccl – Actuación de Miguel Melero cerimonia lume sagrado no Pico Sacro	334.22699	110,00
21	Grafidez, SL – Carteis, deseño e maquetación para actividade A Noite Velada	334.22699	411,41
22	Rio Blanco, SL – Area para piscina municipal	342.22199	133,10
23	Serigrafía Compostela, SLU – Camisetas para Ruta do Colesterol	924.22699	184,47
24	Casa Castro de Lamas, SC – Bebidas servidas para clausura deportiva	341.22609	68,48
25	Casa Castro de Lamas, SC – Plátanos e augas para a Andaina das letras	924.22699	12,68
26	Casa Castro de Lamas, SC – Bebidas e fiambres para a Ruta do Colesterol	924.22699	413,13
27	Autoeléctrico Sergude, SC – Arranxo camión do lixo	162.1.21300	58,35
28	Liquidación de gastos de Ana Beatriz Díaz Míguez – gastos de locomoción e aparcadoiro organización cerimonia lume sagrado	334.22699	21,58
29	Autocares Rias Baixas, SL – Transporte excursión ó Grove día 27 de maio – con cargo a prezos públicos	334.223.00	385,00
		Importe	7.319,14

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
30	Vodafone – Servizo mensared do 15 de maio ó 14 de xuño	920.22200	462,93
31	Seguros Bilbao – Complemento – incremento seguro locais sociais	920.22400	257,44
		Importe	720,37

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural S.U.R SDG, SA pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 10.132,55 euros. Impúntanse á partida 165.22100 do orzamento do ano 2017.

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
17137008493131	ES0022000007249760ED1P	108,40	Lg. Reboredo, 9923 A. Púb.	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008526948	ES0022000007373065RB1P	65,23	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008526998	ES0022000007249640VG1P	77,63	Lg. Quián, 9911 A.Público1	02/05/2017	24/02/17 a 26/04/17
17137010441749	ES0022000004312931FG1P	112,64	Lg. Lamas, 8004CC	28/05/2017	21/04/17 a 24/05/17
17137008448132	ES0022000007559623QQ1P	218,08	Lg. Vilar, 9705 A.Público	02/05/2017	24/02/17 a 26/04/17
17137008468669	ES0022000007164780FZ1P	405,66	Lg. Forte, 9033 Ctsalud	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008445536	ES0022000008964525BD1P	15,67	Lg. Aldea de Orto, 9700- Boqueixón	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008446842	ES0022000007372754XE1P	185,32	Lg. Ardilleiro Grande, 9920 - A.Púb.	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008455367	ES0022000007021150HL1P	122,62	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008480353	ES0022000007021264TH1P	263,89	Lg. Mareque, 9701 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008488013	ES0022000007249776TW1P	237,60	Lg. Vilar, 9926 A.Público	02/05/2017	24/02/17 a 26/04/17
17137008500685	ES0022000007249794TC1P	225,30	Lg. Igrexa (A), 9927 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008509414	ES0022000004357629HJ1P	27,94	Lg. Ardaris, 0010IG	02/05/2017	24/02/17 a 26/04/17
17137008473054	ES0022000007019824FG1P	28,41	Lg. Igrexa (A), 0001 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008476233	ES0022000007662958RN1P	36,51	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008509514	ES0022000008096879FS1P	29,43	Lg. Gastrar, 8010, AREA	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008480040	ES0022000007320548HA1P	174,13	Lg. Lamas, 6002 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 25/04/17
17137008480578	ES0022000007372764BD1P	283,01	Lg. Ardilleiro Pequeno,9921 A.Púb.	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008480087	ES0022000007021148HV1P	235,91	Lg. Lestedo, 9707 A.Público1	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008487634	ES0022000007320555HX1P	18,02	Lg. Vilar, 9003 A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008488260	ES0022000007021265TL1P	97,04	Lg. Cachosenande, 9699 A.Púb.	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008498856	ES0022000007320578LX1P	137,98	Lg. Forte, 9000 POLIDE	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008500535	ES0022000007107337VW1P	130,05	Lg. Vilar, 9795 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008498862	ES0022000007253334QH1P	18,32	Lg. Igrexa (A), Forte 9000 A.Púb.	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008695869	ES0022000007021143HN1P	146,64	Lg. O Burgo, 9710 Lamas A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008815865	ES0022000007561243HA1P	87,39	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008822956	ES0022000007566337DZ1P	93,15	Lg. Casal, 9109 - A.Público	07/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008967881	ES0022000007320580LN1P	165,04	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	09/05/2017	01/04/17 a

					30/04/17
17137010339239	ES0022000007376881YD1P	30,20	Lg. Moa, 9001 A.Público	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010409355	ES0022000004357716EP1P	44,84	Lg. Vilar, 0001	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010426219	ES0022000007854283VT1P	68,51	Lg. Lamas, 9004 LOCALS	28/05/2017	21/04/17 a 24/05/17
17137010501308	ES0022000007249757EY1P	65,47	Lg. Agra, 9922 A. Público	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010501362	ES0022000008178424BW1P	48,76	Lg. Pumares, 9010 A.Púb.	28/05/2017	21/04/17 a 24/05/17
17137010472920	ES0022000007107339VG1P	40,49	Lg. Noenlle, 9794 A. Público2	28/05/2017	21/04/17 a 24/05/17
17137008488317	ES0022000008177365BR1P	80,50	Lg. Deseiro de Arriba,9130 A.Púb.	02/05/2017	25/02/17 a 25/04/17
17137008445561	ES0022000007661757HF1P	276,90	Lg. Forte, 9080 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008517800	ES0022000007320549HG1P	133,93	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008728582	ES0022000007455157MQ1P	154,69	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	04/05/2017	28/03/17 a 28/04/17
17137008725849	ES0022000007021268TE1P	236,99	Lg. Gándara, 9700 A.Público	04/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008804597	ES0022000004975486VK1P	168,47	Lg. Vilar, 9700 A.Público	07/05/2017	01/04/17 a 30/04/17
17137008463324	ES0022000007455154MJ1P	269,37	Lg. Milleirós, 5100 ALPUB3	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008449309	ES0022000007455163ME1P	105,60	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	02/05/2017	28/03/17 a 28/04/17
17137008483696	ES0022000007373071RV1P	126,38	Lg. Caneda, 9995 A.Público.	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008494487	ES0022000007249674HS1P	60,06	Lg. Orto, 9916 A.Público -	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008484005	ES0022000007107334QE1P	48,18	Lg. Rubio, 9796 A. Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008483911	ES0022000007662959RJ1P	42,34	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008491089	ES0022000008178372PL1P	101,56	Lg. Deseiro de Arriba,9600 A. Púb.	02/05/2017	30/03/17 a 25/04/17
17137008465477	ES0022000007320556HB1P	219,60	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008495249	ES0022000007320582LZ1P	71,01	Lg. Torre, 9000 A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008486355	ES0022000007021147HQ1P	120,49	Lg. Pumares, 9707 A.Público2	02/05/2017	25/02/17 a 25/04/17
17137008520882	ES0022000007320554HD1P	107,79	Lg. Ardaris, 9000 A.Público	02/05/2017	24/02/17 a 26/04/17
17137008507714	ES0022000007320543VK1P	72,35	Lg. Vigo, 9000 A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008522848	ES0022000007274911BK1P	54,27	Lg. Igrexa (A), 9999 PALCO	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008518348	ES0022000008386073TF1P	214,51	Lg. Forte, 0011DU, PCIVIL	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008523170	ES0022000007249633QC1P	210,92	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008686564	ES0022000007661745VH1P	29,33	Lg. Gándara, 9701 A.Púb.	04/05/2017	29/03/17 a 27/04/17
17137008690705	ES0022000007251856KN1P	198,83	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	04/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137010434024	ES0022000007251849KM1P	22,51	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Púb.	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010433959	ES0022000007251852KP1P	91,33	Lg. Loureda, 8889 A.Público	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137008802297	ES0022000008964524BP1P	24,13	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	07/05/2017	01/04/17 a 30/04/17
17137008802930	ES0022000007249666HF1P	46,49	Lg. Pena, 9915 - A.Público	07/05/2017	30/03/17 a 23/04/17
17137010469062	ES0022000004357736TM1P	12,11	Lg. Vilar, 0154ER	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010449981	ES002200000776341DM1P	63,23	Lg. Moa, 9002 A.Público	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010478065	ES0022000007249771EC1P	134,53	Lg. Picota, 9925 A.Público	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17

17137010615956	ES0022000007320551HY1P	34,67	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	31/05/2017	21/04/17 a 24/05/17
17137008459427	ES0022000008876495WT1P	50,07	Lg. Vilar, 0005 A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008466123	ES0022000007249688LY1P	78,83	Lg. Outeiro, 9918 ALPU01	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008488390	ES0022000007019754GA1P	145,39	Lg. Gastrar, 9317 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008491423	ES0022000007320546HR1P	118,54	Lg. Lamas, 9001 A.Público	02/05/2017	29/03/17 a 27/04/17
17137008513930	ES0022000007249693LB1P	57,23	Lg. Ardilleiro Grande, 9919 - A.Púb.	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008515031	ES0022000007249769EH1P	63,59	Lg. Vilar, 9924 A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008453245	ES0022000004975490HW1P	2,17	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008475923	ES0022000008622407VQ1P	77,66	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008491428	ES0022000007661637JW1P	50,90	Lg. Forte, 9032 A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008820649	ES0022000008622400VD1P	156,37	Lg. Rodiño Pequeño, 9700 A.Púb.	07/05/2017	30/03/17 a 27/04/17
17137010418358	ES0022000007249650VZ1P	41,32	Lg. Melón, 9913 A.Público	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137008455175	ES0022000007561259HL1P	10,03	Lg. Picota, 0925 A.Público	02/05/2017	04/04/17 a 25/04/17
17137008477392	ES0022000007019787MJ1P	274,72	Lg. Casalpeguito, 9318 A.Púb.	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008497391	ES0022000007107338VA1P	146,93	Lg. Noenlle, 9795 A. Público1	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008484580	ES0022000007021267TK1P	110,87	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008523045	ES0022000004313109ZK1P	31,04	Lg. Igrexa (A), 9002 A.Público	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137008526860	ES0022000007986447JY1P	108,89	Lg. Cachosenande, 9910.	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008505445	ES0022000007249659HT1P	33,59	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137009217065	ES0022000007320544VE1P	39,76	Lg. Senande, 9000 A.Público	11/05/2017	30/03/17 a 29/04/17
17137010003166	ES0022000007164018CB1P	12,67	Lg. Forte, 9030 A.Público	23/05/2017	04/04/17 a 02/05/17
17137010353308	ES0022000008942577TA1P	177,71	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010383258	ES0022000007249751ET1P	3,12	Lg. Gastrar, 9921 A.Público	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010459938	ES0022000007274859DS1P	25,03	Lg. Santabaia, 9999 LOSOCI	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010397807	ES0022000007021144HJ1P	109,40	Lg. Rodiño Pequeño, 9709 A.Púb.	28/05/2017	21/04/17 a 24/05/17
17137010384179	ES0022000008178372PL1P	93,40	Lg. Deseiro de Arriba,9600 A. Púb.	28/05/2017	21/04/17 a 24/05/17
17137010569497	ES0022000009030714ZG1P	150,71	Lg. Rodiño Grande, 9998 A.Púb.	31/05/2017	21/04/17 a 24/05/17
17137008477094	ES0022000007021266TC1P	132,85	Lg. Troitomis, 9698 A.Público	02/05/2017	24/02/17 a 25/04/17
17137008478180	ES0022000008895802JX1P	27,01	Bombeo de Noenlle 9010	02/05/2017	30/03/17 a 28/04/17
17137008522780	ES0022000007249642VY1P	47,14	Lg. Quián, 9912 A.Público2	02/05/2017	25/02/17 a 26/04/17
17137010443158	ES0022000007249678HL1P	20,00	Lg. Agra, 9917 A. Público2	28/05/2017	24/04/17 a 24/05/17
17137010608018	ES0022000004975491HA1P	157,26	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	31/05/2017	01/04/17 a 23/05/17
	TOTAL	10.132,55			

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Subvención prevención drogodependencias

Importe: 43.843,97 euros

Consellería de Sanidade

Partida presupostaria: 334.22609

Núm.	Proveedor	Importe
1	Miguel Carrillo Freiría – traballos na web “Servizo de prevención de técnicas aditivas”	240,00
	Total	240,00

10. Asignación grupos políticos correspondentes ó pago do segundo trimestre 2017

O pleno da corporación en sesión que tivo lugar o 11 de novembro do 2015 acordou asignar ós grupos políticos municipais os seguintes importes para gastos de funcionamento do grupo:

Grupo político	Dotación fixa	Dotación variable
Partido Popular	200 €/ano	2.255 €/ano
Veciñ@s	200 €/ano	845 €/ano

Estas contías pódense transferir anualmente ou ben proporcionalmente cada trimestre e terán que ser xustificadas polo grupo político, unha vez recibidas, no mes seguinte á finalización da cada trimestre ou ben no mes de xaneiro do ano seguinte (2018 neste caso) según a data de percepción da contía.

Polo que, e sempre tendo en consideración o que cada grupo decida, sobre o período de percepción dos fondos, a Xunta de Goberno acorda:

1. Ingresar ó grupo municipal do PP o importe de 613,75 € correspondentes ó segundo trimestre do 2017.
2. Ingresar ó grupo municipal Veciñ@s o importe de 261,25 € correspondentes ó segundo trimestre do 2017.
3. Comunicar a ambos grupos políticos que deberán presentar a correspondente conta xustificativa dos gastos realizados, con cargo ós importes recibidos.

11. Arquivo expediente de limpeza no lugar de Moa – Loureda

Con data 8 de maio o 2017, co número de rexistro de entrada 926/2017, don Manuel xxxxx, con domicilio en Loureda, xxxxxx, Boqueixón, presenta escrito sinalando que a parcela que está preto da súa vivenda (a número 140, polígono 502) está con abundante maleza, que lle invade a súa propiedade.

Que existe perigo de insalubridade e de incendio.

Solicita a limpeza da leira .

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira con abundante maleza, figurando como titular da leira número 140, polígono 502, don José Luis xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 18 de maio do 2017 acordouse requirir ó propietario da parcela número 140, polígono 502, don José Luis xxxxx, para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente.

Déuselle trámite de audiencia.

Según informe do técnico municipal do 3 de xullo do 2017: *“Feita inspección técnica no lugar de Moa - Loureda, compróbase que preto da vivenda de don Manuel xxxxx, procedeuse coa limpeza da maleza existente.*

Dita parcela obxecto de limpeza é a número 140, polígono 502 do lugar de Moa – Loureda.

Non existe risco de incendio nin de insalubridade.”

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don José Luis xxxxx, propietario da parcela número 140, polígono 502, por proceder o mesmo cos traballos de limpeza de maleza .
2. Comunicar o acordo ós interesados.

12. Inicio execución subsidiaria para proceder coa limpeza de parcela no lugar de A Gándara – Sergude

Antecedentes

Con data 3 de abril do 2017 co número de entrada 619/2017, dona M^a Carmen xxxxx presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza da parcela número 290, polígono 18, que está preto dunha vivenda e propiedade súa no lugar da Gándara-Sergude. Manifesta que a citada parcela está con abundante maleza e residuos o cal supón un risco de incendio e de insalubridade.

Sinala que é propiedade a parcela de herdeiros de dona M^a Carmen xxxxx.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza, figurando como titular da leira número 290, polígono 18, herdeiros de M^a Carmen xxxxx.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de abril do 2017 acordouse requirir os propietarios da leira número 290, polígono 18, herdeiros de M^a Carmen xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselles trámite de audiencia.

A notificación do requirimento de corta foi recibida por herdeiros de don Avelino xxxxx o 24 de abril do 2017.

Non efectuándose a notificación do requirimento polo servizo de correos “ausente en reparto”, procedeuse coa notificación do requirimento a través do BOP e a través do BOE. Publicouse o requirimento de limpeza da citada parcela no BOP de 9 de maio do 2017 (número 86) e no BOE de 10 de maio do 2017 (número 111).

Con data 9 de maio do 2017, número de rexistro de entrada 951/2017, o herdeiro de M^a Carmen xxxxx, don Jorge xxxxx, envía correo electrónico sinalando que, unha vez vista a publicación no BOP da Coruña, arranxará o problema a maior brevidade posible.

Según informe do técnico municipal, do 3 de xullo do 2017: “Feita segunda inspección técnica no lugar de A Gándara – Sergude, compróbase que a parcela número 290, polígono 18, preto dunha vivenda propiedade de dona M^a Carmen xxxxx, está nunha parte sen limpar e noutra parte con restos amontoados de biomasa vexetal sen retirar da mesma.

Elo supón un risco de incendio e de insalubridade.”

Con data 3 de xullo do 2017, a arquitecta municipal M^a Carmen Novoa Sío presenta memoria valorada sobre a limpeza da parcela (polígono 18, parcela 290) no lugar de A Gándara - Sergude sinalando o seguinte:

“LOCALIZACIÓN.

A finca localízase no lugar da Gándara, parroquia de Sergude. Segundo os datos catastrais, a devandita finca ten os datos seguintes:

POLÍGONO PARCELA REFERENCIA SUPERFICIE

18 290 15012A010004350000EP 1.573m²



DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE			
Referencia catastral	15012A018002900000EK		
Localización	Polígono 18 Parcela 290 CHOZAS. BOQUEIXON (A CORUÑA)		
Clase	Rústico		
Uso principal	Agrario		
PARCELA CATASTRAL			
	Localización	Polígono 18 Parcela 290 CHOZAS. BOQUEIXON (A CORUÑA)	
	Superficie gráfica	1.573 m ²	
CULTIVO			
Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	Intensidad Productiva	Superficie m ²
0	C- Labor o Labradío secano	01	1.573

Non obstante, como se pode comprobar na ortofoto, e logo da visita realizada, a superficie de finca que se debe limpar non coincide coa superficie catastral da finca indicada, xa que hai que restarlle a superficie ocupada por unha piscina existente na finca. En consecuencia, tendo en conta as construcións existentes na finca, considérase unha superficie total de 1.483m².


MEMORIA URBANÍSTICA.

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 6 de febreiro de 2015 (DOG nº32 17.02.2015; BOP nº37 25.02.2015).


A día de hoxe, atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG); e polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o regulamento da lei do solo de Galicia (en diante, RLSG).

De acordo co plano de clasificación C-07 e o plano 12.04(b) de ordenación do núcleo da Gándara, a zona obxecto de limpeza atópase clasificada como SOLO DE NÚCLEO RURAL, na categoría de COMÚN (grao 2).

Segundo o punto 1.c) da disposición transitoria primeira da LSG, “ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei”; en consecuencia, resulta de aplicación o establecido no PXOM para o SOLO DE NÚCLEO RURAL.




CATÁLOGO ARQUITECTÓNICO		DOTACIÓN		SISTEMA XERAL VIARIO		CLASIFICACIÓN DO SOLO	
CÓDIGO DE ELEMENTO ARQUITECTÓNICO		ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES		REDE XERAL		SÓLO URBANO	
AR nº	ARQUITECTURA RELIXIOSA / CONXUNTO PARROQUIAL	TIPO	S. XERAL S. LOCAL	TIPO I - 1	ESTRADA NACIONAL	S.U.	SÓLO DE NÚCLEO RURAL
CR nº	CRUCEROS E ELEMENTOS MENORES	ESPACIOS LIBRES	ELX ELL	TIPO II - 1	AUTOMÍA	S.L.	SÓLO DE NÚCLEO RURAL
AC nº	ARQUITECTURA CIVIL	ZONAS VERDES	ZVX ZVA	TIPO II - 4	ESTRADA SECUNDARIA	S.M.	SÓLO DE NÚCLEO RURAL
CC nº	CONSTRUCIÓN POPULAR	EQUIPAMENTOS	S. XERAL S. LOCAL	TIPO III - 1	SIST. REDE PRIMARIA	S.N.	SÓLO DE NÚCLEO RURAL
OC nº	OBRA CIVIL	TIPO	ADM. ADL. ROL.	TIPO III - 2	SIST. REDE SECUNDARIA	S.P.	SÓLO DE NÚCLEO RURAL
	ELEMENTO ARQUITECTÓNICO CATALOGADO	ADMINISTRATIVO	ADM. ADL. ROL.	TIPO IV - 1	ESTRADA	S.R.	SÓLO DE NÚCLEO RURAL
	AMBITO CATALOGADO	COMUNITARIO	COM. ROL.	TIPO IV - 2	CAMBIÓ	S.T.	SÓLO DE NÚCLEO RURAL
	CONTORNIO DE PROTECCIÓN DO ELEMENTO	COMERCIAL	COM. ROL.	SISTEMA XERAL FERROVIARIO			
CATÁLOGO ARQUEOLÓXICO		DEPORTIVO	DEP. ROL.	LÍMITE DA ÁREA DE CAUTELA			
GA1502000	CÓDIGO DO XACAMENTO ARQUEOLÓXICO	DOCENTE	DOC. ROL.	LÍMITE DA ÁREA DE CAUTELA			
	ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL DO XAC. ARQ. (DIRAG I-1)	RELIJIOSO	REL. ROL.	SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO			
	LÍM. ÁREA DE CAUTELA DO XAC. ARQ. (DIRAG I-2)	SANITARIO-ASISTENCIAL	SAN. ROL.	LÍMITE DA ÁREA DE CAUTELA			
		SOCIO-CULTURAL	SOC. ROL.	SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO (S.X.A)			
		INFRAESTRUCTURAS	INF. ROL.	PEDRAGA SONORA			
		TIPO	S. XERAL S. LOCAL	SERVIDUMES			
		SERVICIOS	SER. ROL.	POLICIA DE CAUCES			



NORMATIVA SECTORIAL

Segundo o plano CS-1.3 do Catálogo do PXOM, a zona de referencia localízase no contorno de protección dos seguintes elementos catalogados.

- Camiño de Santiago – Vía da Prata.
- Xacemento arqueolóxico GA1501203: Cibdá de Aixón.



O artigo 45, sobre réxime de intervencións no contorno de protección, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establece o seguinte:

1. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:

- a) Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.
- b) As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.
- c) As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.
- d) A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais.
- e) As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2. As restantes intervencións no contorno de protección non necesitarán autorización previa ao outorgamento de licenza, ben que deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno.

A día de hoxe, non se pode determinar se é necesaria a talla dalgunha das árbores existentes na finca. En todo caso, se debe realizarse algunha talla na zona de protección, deberase solicitar autorización previa ó Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

COMPROBACIÓNS E DOCUMENTACIÓN.

Na presente valoración realizáronse as seguintes comprobacións:

Correspondencia coa parcela catastral SI

Comprobación da clasificación urbanística SI

Servidumes visibles NON EXISTEN

Estado de conservación aparente SI

Estado de ocupación, uso e explotación SI

Así mesmo, a continuación reflíctese a documentación empregada para a realización da presente valoración:

Plano de situación MEMORIA

Esbozo das construcións existentes NON PROCEDE

Reportaxe fotográfica EN ANEXO

Documentación catastral MEMORIA

MÉTODO DE VALORACIÓN.

Calcúlase o valor das actuacións necesarias para a limpeza da finca mediante a Base de Prezos da

Construción de Galicia, tal e como queda reflectido no orzamento que se xunta, tendo en conta que a superficie de limpeza é de 1.483m2.

RESUMO DA VALORACIÓN.

Á vista de todo o anteriormente exposto, a presente valoración ascende ás seguintes cantidades.

O orzamento de execución material ascende á cantidade de MIL SETECENTOS VINTECINCO euros, con SETENTA E NOVE céntimos (1.725,79€).

O orzamento total (IVE incluído) ascende á cantidade de DOUS MIL OITENTA E OITO euros, con VINTEÚN céntimos (2.088,21€).

E para que así conste, fírmase a presente memoria en lugar e data sinalados”

Consideracións xurídicas

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- O artigo 5 do regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955, establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

- O artigo 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa limpeza de maleza existente na leira número 290, polígono número 18, do lugar de A Gándara - Sergude, , propiedade de herdeiros de dona Carmen xxxxx.

2. Aprobar a memoria valorada de limpeza da parcela número 290, polígono número 18, lugar de A Gándara - Sergude, propiedade de herdeiros de dona Carmen xxxxx, que ascende a un total de **2.088,21 €**.

3. Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de corta de arboredo que ascenden a un total de 2.088,21 €. terán que ser **aboados polos propietarios** da leira, herdeiros de dona Carmen xxxxx.

4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que presenten no seu caso as alegacións que estimen pertinentes.

13. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental na Travesía de Vilar - Lestedo. Inicio execución subsidiaria

Nesta Xunta de Goberno propónse iniciar a execución subsidiaria e en consecuencia proceder co arranxo e reposición da columna e farol ornamental rotos na Travesía do Vinteseis - Lestedo o 11/03/2017, polo vehículo matrícula xxxxx, propiedade de don Adolfo xxxxx.

Sínálase que dito propietario, ou ben a compañía aseguradora do vehículo (ASEGRUP SEGUROS), deberán aboar ó Concello de Boqueixón a contía da reposición dos danos ocasionados, que ascenden a un total de 1.599,42 euros.

Así mesmo, deberase comunicar á empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que proceda coa reposición da citada columna e farol ornamental destrozados na Travesía do Vinte seis – Lestedo e que presente a correspondente factura.

Con data **5 de xullo do 2017** co número de entrada 1445/2017, o Dpto de sinistros autos, da compañía de seguros ASEGRUP, en relación co sinistro de reclamación de danos en farol, que tivo lugar o 11 de marzo do 2017, coa referencia AU01 2017/8269, remite escrito solicitando que se lle envíe finiquito de indemnización asinado polo concello, por importe de 1.599,42 euros, xunto coa factura de reparación do farol.

O aboamento entenderase realizado por transferencia bancaria na conta do concello.

Polo exposto, tendo en conta a intención da compañía de seguros de proceder co aboamento do custo de reparación dos danos causados na columna e farol ornamental rotos na Travesía do Vinte seis – Lestedo (por importe de 1.599,42 euros) o 11/03/2017, polo vehículo matrícula xxxxx, propiedade de don Adolfo xxxx,

A Xunta de Goberno acorda:

1) Non iniciar o procedemento de execución subsidiaria contra á compañía de seguros ASEGRUP e don Adolfo xxxxx, propietario do vehículo matrícula xxxxx, posto que a compañía de seguros ASEGRUP remite a documentación necesaria (finiquito de indemnización) para proceder, pola súa parte, co aboamento dos custos de reparación da columna e farol ornamental rotos na Travesía do Vinte seis – Lestedo o 11/03/2017.

2) Se transcorrido o prazo dun mes desde o recibo do finiquito de indemnización pola compañía de seguros, non se procedese co aboamento da contía de 1.599,42 euros, continuarase co procedemento de reclamación.

3) Solicitar á empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, que presente a factura de reparación, unha vez arranxada a citada columna e farol ornamental rotos.

4) Unha vez recibida a contía da reparación dos danos causados mediante transferencia bancaria pola compañía de seguros ASEGRUP, procederase co aboamento da factura a empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL.

14. Altas e aprobación do padrón do lixo 2017

Coa finalidade de aprobar o padrón fiscal da taxa do lixo do ano 2017, procede dar de alta na aplicación ós suxeitos pasivos que a continuación se relacionan e que serán notificados de xeito individual para que, se procede, aleguen o que estimen conveniente:

Nome e apelidos	Enderezo	Taxa
María xxxxx	xxxxx 15881 Boqueixón	62,53 €
Cecilia xxxxx	Xxxxx – Lestedo	62,53 €
Oscar xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Belén xxxxx	Xxxxx – Lestedo	62,53 €
Renato xxxxx	Xxxxx – Lestedo	62,53 €
Yolanda xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Miguel xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Ferrovial Agroman, SA	Xxxxx – Lestedo	62,53 €
Desiderio xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Jesús xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Iago xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Jesús xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Nieves xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Luz María xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Álvaro xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Natalia xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
José María xxxxx	xxxxx – Oural 15882 Boqueixón	62,53 €
Estíbaliz xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Pablo xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
María Carmen xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Marcos xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Adrián xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Ricardo xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Eugenia xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Liliana xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
María Dolores xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €

Jesús xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Jesús xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
xxxxxAlann Fco. xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Clerio xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
María xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €
Alejandro xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53
Luís Miguel xxxxx	Xxxxx - Lestedo	62,53 €

Para o aboamento das taxas do lixo correspondentes ó ano 2017 é preciso aprobar o padrón deste ano coas correspondentes modificacións, altas e baixas producidas desde a súa última aprobación.

O padrón debe remitirse á Deputación antes do 15 de agosto, e debe estar exposto ó público antes do seu envío,

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar o padrón municipal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana que con data 6 de xullo de 2017 ascende a:

Número de recibos total: 1803

Importe total: 133.987,62 euros

- Expoñer o padrón ó público durante 1 mes mediante a súa publicación no BOP.

15.Punto de urxencia

Con data 5 de xullo do 2017, cos números de entrada 1444/17 e 1450, preséntanse por particulares dous escritos de solicitude de limpeza de maleza en leiras que están preto de vivendas.

Feitos nese mesmo día os correspondentes informes técnicos, en ambos casos sinálase a existencia de risco de incendio.

Motívase a urxencia deste punto en que a vindeira Xunta de Goberno terá lugar o 20 de xullo do 2017 e que existe situación de risco de incendio respecto de vivendas, posto que ademais estase en época de alto risco de incendios.

Tendo en conta o anterior A Xunta de Goberno acorda aprobar a urxencia deste punto.

A) Requirimento limpeza de maleza no lugar de Casal – Rebordaos.

Antecedentes

Con data 5 de xullo do 2017 co número de entrada 1450/2017, don Manuel xxxxx presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza de finca que está preto da súa vivenda no lugar de xxxxx, Rebordaos.

Manifesta que a citada finca está con abundante maleza e solicita a súa limpeza para evitar o risco de incendio

Aporta reportaxe fotográfica.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza.

Compróbase que son dúas parcelas, e non unha, as que rodean a vivenda de don Manuel xxxxx.

Parcelas número 59 e número 5003 , polígono 510, figurando como titular herdeiros de don José xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 5 de xullo do 2017, sinálase que *“Feita inspección técnica no lugar de Casal - Rebordaos, compróbase que lindando coa vivenda de don Manuel xxxxx existen dúas parcelas, con abundante biomasa vexetal: fentos, silvas, arboredo...*

Existe risco de incendio e de insalubridade.

Ditas parcelas atópanse no polígono 510, parcelas 59 e 5003 de Casal – Rebordaos”.

Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmoables a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

3. O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir os propietarios das parcelas número 59 e 5003, polígono 510, de Casal - Rebordaos, herdeiros de José xxxxx, que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente .

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización da execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

B) Requirimento limpeza de maleza no lugar de Pena - Loureda

Antecedentes

Con data 5 de xullo do 2017 co número de entrada 1444/2017, don Santiago xxxxx presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza de finca que está preto da súa vivenda no lugar de xxxxx, Loureda.

Manifesta que a citada finca está con abundante maleza e solicita a súa limpeza para evitar o risco de incendio

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza.

Compróbase que na parcela con referencia catastral número 000901300NH44F0001ZW, lugar de xxxxx 3, figura como titular don Manuel xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 5 de xullo do 2017, sinálase que *“Feita inspección técnica no lugar de xxxxx - Loureda, compróbase que lindando coa vivenda de don Santiago xxxxx existen unha parcela, con abundante biomasa vexetal, en situación de abandono.*

Existe risco de incendio.”

Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

3. O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir o propietario da parcela con referencia catastral número 000901300NH44F0001ZW, de A Pena - Loureda, don Manuel xxxxx, que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización da execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia ó citado propietario para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

16. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O alcalde